

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 11 de abril de 2016 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2015/16.*

A Orde EDU/2058/2010, do 13 de xullo, pola que se regulan os premios nacionais de bacharelato establecidos pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón, no artigo 3, que poderá concorrer a estes premios, logo de inscrición, o alumnado que obtivese premio extraordinario de bacharelato na súa comunidade autónoma, e, no artigo 4.1, que as administracións educativas competentes poderán convocar e conceder premios extraordinarios de bacharelato nos seus respectivos ámbitos de competencias.

En consecuencia, en exercicio das competencias atribuídas no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por proposta da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, facendo uso do disposto no artigo 4.1 da citada Orde EDU/2058/2010, do 13 de xullo, e de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

Convócanse na Comunidade Autónoma de Galicia os premios extraordinarios de bacharelato para o alumnado que finalice os estudos de bacharelato no curso 2015/16 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia e cumpra os requisitos establecidos nesta orde.

##### Artigo 2. *Número e características dos premios*

1. Poderase conceder un máximo de 20 premios extraordinarios.
2. Cada premio estará dotado con 1.000 €, con cargo á partida orzamentaria 10.50.423A.480.1 do ano 2016, cunha dotación global de 20.000 €.



3. Estes premios extraordinarios de bacharelato son compatibles con calquera outro premio, incluídos os premios nacionais de bacharelato.

4. O alumnado que obteña o premio extraordinario recibirá, ademais da contía económica, un diploma acreditativo, e o/a secretario/a do centro público onde estea depositado o expediente académico anotaralle nel a distinción.

5. Os/as alumnos/as que obteñan o premio extraordinario de bacharelato poderán concorrer, logo de inscrición, ao correspondente premio nacional.

6. O alumnado que obteña o premio extraordinario de bacharelato poderá estar exento, durante o primeiro ano e por unha soa vez, do pagamento dos prezos públicos por matrícula no primeiro curso dos estudos superiores nun centro público, segundo se estableza na normativa vixente para o curso 2016/17.

### Artigo 3. *Requisitos de participación*

Poderá optar ao premio extraordinario de bacharelato o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

1. Ter rematado os estudos de bacharelato no curso 2015-2016 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, ben na modalidade presencial ben na modalidade a distancia, e ser proposto para título na convocatoria ordinaria do dito curso.

2. Ter obtido unha nota media do bacharelato igual ou superior a 8,75. A nota media será a media aritmética de todas as materias, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior, de acordo co establecido no artigo 9 da Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa.

Non computará na obtención da nota media a cualificación da materia de Relixión, tendo en conta o establecido na disposición adicional primeira do Decreto 126/2008, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o



artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todos os requisitos relacionados neste artigo deberán posuírse o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

#### Artigo 4. *Prazo e forma de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día 3 de maio de 2016.

As solicitudes serán subscritas directamente polas persoas interesadas con plena capacidade de obrar ou, de ser o caso, polos/as representantes legais dos/as solicitantes.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado ED311A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no anexo I desta orde. Para estes efectos, os rexistros dos centros educativos non se consideran incluídos dentro das dependencias enumeradas no dito artigo.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



### Artigo 5. *Documentación complementaria*

Xunto coa solicitude a que se fai referencia no artigo 4 desta orde entregárase, se é o caso, a seguinte documentación:

Fotocopia do documento de identidade (DNI ou NIE do solicitante) (só no caso de que o/a interesado/a non dea o consentimento para a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén se poderá presentar en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

### Artigo 6. *Procedemento dos centros educativos*

Os centros públicos de educación dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos cales está o expediente académico do alumnado enviarán á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo; Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 2, 1º andar, 15781 Santiago de Compostela, os documentos que a seguir se relacionan:

1. Certificación académica de bacharelato do alumnado (só no caso de que o alumnado non teña todo o seu expediente de bacharelato recollido na base de datos da aplicación XADE),



onde se reflicta a cualificación final media a que se refire o artigo 3.2, asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da director/a do centro público en que se encontre o expediente académico.

2. Documento xustificativo da transferencia de datos, que imprimirá e asinará a dirección do centro público en que está o expediente académico, unha vez introducidos os datos do alumno ou alumna na aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/premiosbac>.

#### Artigo 7. *Emenda e mellora da solicitude*

A relación provisional de admitidos/as e excluídos/as farase pública nos dez días naturais posteriores ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unha vez publicadas as listaxes provisionais de admitidos/as e excluídos/as, os/as interesados/as disporán dun prazo de dez (10) días para a reclamación ou emenda das carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada. De non facelo, considerarase desistido/a da súa petición e arquivanrase esta logo de resolución que se deberá ditar nos termos do artigo 42 da citada lei.

O prazo máximo para publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos será dun mes desde o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A publicación das relacións provisional e definitiva do alumnado admitido e excluído realizarase nos lugares relacionados no artigo 13 desta orde.

#### Artigo 8. *Realización da proba para a obtención do premio*

1. O alumnado deberá realizar unha proba que se estruturará en dúas partes:

1.1. Primeira parte, para desenvolver en dúas horas:

1.1.1. Análise e comentario crítico dun texto sobre un tema de carácter xeral, histórico, filosófico ou literario.

1.1.2. Resposta a cuestións de carácter cultural ou lingüístico sobre un texto na lingua estranxeira cursada polo alumnado como materia común de bacharelato. O exercicio realizarase sen dicionario no idioma correspondente.



1.2. Segunda parte, para desenvolver nunha hora:

1.2.1. Desenvolvemento de temas, respostas a cuestións e/ou exercicios prácticos dunha materia propia da modalidade e cursada polo alumnado que se elixirá entre as seguintes: bioloxía, debuxo artístico II, física, historia da arte, historia da música e da danza, latín II, literatura universal, matemáticas II, matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II, química, técnicas de expresión gráfico-plástica e xeografía.

1.2.2. O alumnado que estea en posesión dun título de técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza e obtívase o título de bacharelato despois de superar a avaliación final de bacharelato en relación coas materias do bloque de materias troncais que, como mínimo, se deban cursar na modalidade e opción escollida polo/pola alumno/a, de acordo co establecido no artigo 50.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, desenvolverá temas, respostas e cuestións e/ou exercicios prácticos da materia de historia da música e da danza.

2. Os exercicios da proba cualifícaranse entre 0 e 10 puntos cun decimal.

3. A puntuación total será a suma de cada unha das cualificacións obtidas. Para aspirar ao premio extraordinario, o alumnado deberá obter, como mínimo, 5 puntos en cada unha das materias da proba e 21 puntos ou máis na cualificación total.

4. Posto que o número de premios propostos non pode ser superior ao que resulte da aplicación do artigo 2 desta orde, en caso de empate darase preferencia en primeiro lugar á mellor nota media a que fai referencia o artigo 3.2; despois, á cualificación da primeira parte da proba e, finalmente á cualificación da segunda parte da proba. De persistir o empate, o tribunal procederá a realizar un sorteo.

5. As probas realizaranse nos lugares e datas que se darán a coñecer mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*, e na páxina web <https://www.edu.xunta.es/premiosbac>.

Artigo 9. *Tribunal*

1. Para elaborar, supervisar e avaliar a proba constituirase un tribunal formado por:

Presidente/a:

A persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.



Vogais:

Ata un máximo de seis, coa categoría de subdirector xeral, xefe de servizo ou funcionarios dos corpos de inspectores de educación, designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

2. Para os efectos de colaboración no disposto no punto anterior, poderanse constituír comisións delegadas, integradas por membros do tribunal e/ou funcionarios e funcionarias dos corpos de inspectores de educación, de catedráticos de ensinanza secundaria e/ou de profesores/as de ensino secundario, especialistas nas distintas materias que compoñen as probas.

3. O tribunal fará públicas as cualificacións obtidas polos candidatos e candidatas nos lugares relacionados no artigo 13 desta orde.

4. O alumnado examinado, ou os seus pais/nais ou representantes legais, poderá presentar reclamación por escrito contra a cualificación obtida, no prazo de dez días a partir do seguinte ao da súa publicación, mediante instancia dirixida á presidenta ou presidente do tribunal, presentada en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e remitida á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo; Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 2, 1º andar, 15781 Santiago de Compostela. Para estes efectos, os rexistros dos centros educativos non se consideran incluídos dentro das dependencias enumeradas no dito artigo.

Poderase adiantar o envío ao fax nº 981 54 65 50 ou por correo electrónico ao enderezo premios@edu.xunta.es.

a. As probas sobre as cales se solicitase esta reclamación serán revisadas por un profesor ou profesora especialista distinto/a ao/á que realizou a primeira corrección.

b. A cualificación final resultará da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas correccións. No suposto de que exista unha diferenza de 2 ou máis puntos entre as dúas



cualificacións, o tribunal efectuará, de oficio, unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

5. A percepción de asistencias deste tribunal aterase á categoría correspondente que determine a Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda, segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

#### Artigo 10. *Resolución*

1. O tribunal elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios. As reclamacións entenderanse resoltas e notificadas coa publicación das cualificacións definitivas.

2. A acta quedará arquivada na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Comunicaráselles á Secretaría Xeral de Universidades, aos reitorados das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e á Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a relación do alumnado premiado.

3. A persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de cinco meses desde o día seguinte ao da finalización do prazo de inscrición. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a correspondente resolución, o/a interesado/a poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

#### Artigo 11. *Recurso*

A dita orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso postestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no



prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 12. *Obriga dos solicitantes*

1. O alumnado gañador dos premios ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No modelo normalizado ED311A que figura como anexo I, o alumnado debe facilitar a titularidade dunha conta bancaria con 24 díxitos e declarar verbo da veracidade dos datos relativos á dita conta, en que se ingresará, mediante transferencia bancaria, a dotación do dito premio, no caso de obtelo. Esta cantidade estará suxeita ás retencións que legalmente correspondan.

3. A persoa beneficiaria ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, tal como indican os artigos 14.1.j) e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007, o alumnado premiado presentará unha nova declaración responsable de acordo co modelo que lle facilitará a Administración educativa.

#### Artigo 13. *Información aos/ás interesados/as*

A relación do alumnado admitido e excluído e as puntuacións obtidas polos candidatos e candidatas publicaranse no portal educativo <https://www.edu.xunta.es> e na páxina de inicio da aplicación <https://www.edu.xunta.es/premiosbac>.

Ademais, poderá solicitarse información no teléfono 881 99 77 01 da Unidade de Atención a Centros (UAC).

#### Artigo 14. *Modificación da adxudicación*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación da adxudicación do premio concedido, conforme o artigo 17.4 da Lei 9/2007.



### Artigo 15. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude inclúen autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou polo/a representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

### Artigo 16. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado *Relacións administrativas coa cidadanía e entidades*, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria/Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria/Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria/Secretaría Xeral Técnica. Edificio Administrativo San Caetano, San Caetano s/n, bloque 2, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxt.cultura.educacion@xunta.es](mailto:sxt.cultura.educacion@xunta.es).

#### Disposición derradeira primeira

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e as medidas necesarios para a aplicación desta orde.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Disposición derradeira terceira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2016

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO</b>		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED311A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL/FAX*	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<b>DATOS BANCARIOS</b> Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.			
TITULAR DA CONTA		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)	
<input type="text"/>		IBAN <input type="text"/>	
<b>DATOS DO CENTRO</b> CENTRO EN QUE CURSOU 2º DE BACHARELATO			
<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
IES A QUE ESTÁ ADSCRITO (só para alumnado de centros privados) CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO NOME DO CENTRO EDUCATIVO			
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<b>PRIMEIRO IDIOMA ESTRANXEIRO CURSADO</b>			
<input type="radio"/> Alemán <input type="radio"/> Francés <input type="radio"/> Inglés			
<b>MODALIDADE DE BACHARELATO CURSADA</b>			
<input type="radio"/> Artes (vía de Artes Plásticas, Deseño e Imaxe)			
<input type="radio"/> Artes (vía de Artes Escénicas, Música e Danza)			
<input type="radio"/> Alumnado que cumpra os requisitos do artigo 50.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación			
<input type="radio"/> Ciencias e Tecnoloxía			
<input type="radio"/> Humanidades e Ciencias Sociais			

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: uq6usjw0-y2g3-gee5-iew1-lflhalanh18



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**  
(continuación)

**ELIXIR UNHA MATERIA PROPIA DE MODALIDADE CURSADA, ENTRE AS SEGUINTE, PARA A SEGUNDA PARTE DA PROBA**

- |   |  |
|---|--|
| <input type="radio"/> Bioloxía                      | <input type="radio"/> Literatura Universal                   |
| <input type="radio"/> Debuxo Artístico II           | <input type="radio"/> Matemáticas II                         |
| <input type="radio"/> Física                        | <input type="radio"/> Matemáticas Aplicadas ás CCSS II       |
| <input type="radio"/> Historia da Arte              | <input type="radio"/> Química                                |
| <input type="radio"/> Historia da Música e da Danza | <input type="radio"/> Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica |
| <input type="radio"/> Latín II                      | <input type="radio"/> Xeografía                              |

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

- SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [sxt.cultura.educacion@edu.xunta.es](mailto:sxt.cultura.educacion@edu.xunta.es)


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 11 de abril de 2016 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2015/16.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



UNIÓN EUROPEA  
"Unha manseira de facer Europa"  
"O FSE inviste no teu futuro"

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>